

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 1ºESO (3ª AVALIACIÓN). Temas 7-8-9

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(Libro de Apoio: *Lingua Galega e Literatura 1*. Edicións Xerais de Galicia)

0. Repaso do visto ao longo do 1º trimestre.
1. Comunicación oral: Os medios de comunicación.
2. Comunicación escrita:.
3. Funcionamento da lingua: Gramática, Léxico, Ortografía,
4. Lingua e sociedade: Dúas linguas nunha sociedade. Os hábitos lingüísticos.
5. Educación literaria: Literalúdica. Textos poéticos.
6. Lectura na aula de textos de distintos tipos. (PL)

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A CULTURA GALEGA (PTIC)

(A súa Cualificación suporá 20% da nota global do trimestre, é dicir, até 2 puntos sobre 10)

TÍTULO: *O Entroido*

1. Elaboración dun tema (máximo 15 liñas) partindo dos resumos feitos de artigos da prensa cotiá e das Páxinas web recomendadas polo profesor/a.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TIC que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TIC

DATAS: Entrega e Exposición: última semana de Febreiro.

III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá 10% da nota global do trimestre, é dicir, até 1 punto sobre 10)

I. **Pendente do autor/a**

DATA: Finalizadas: derrdeira semana de marzo.

Lectura na Aula: Antoloxía de relatos de distintos autores (elaboración propia)

(A Avaliación deste labor de aula **realizarase ao longo de todo o trimestre** e suporá 1/10 da nota global do trimestre, é dicir, unha Cualificación de até un 1 punto sobre 10)

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas requeridas polo profesor/a, o alumno/a escollerá libremente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Ao longo do trimestre o alumno/a irá realizando as lecturas voluntarias que estime oportunas e dará conta delas a través dos seus comentarios depositados na páxina de 1º-2º ou ben a través dos informes enviados ao enderezo electrónico. (PL) (PTIC)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá 70% da nota global do trimestre, é dicir, até 7 puntos sobre 10)

As probas que se realicen serán sobre os contidos do libro e as actividades realizadas durante o trimestre.